

DEPARTAMENTO DE LINGUAS CLÁSICAS

A continuación aparecen concretadas por curso e materia as actividades que deberán realizarse co fin de seguir, na medida do posible, o ritmo mantido ata o de agora e non perder a marcha do curso.

O alumnado pode consultarme calquera dúbida por correo electrónico, na dirección que lles foi facilitada, e entregar mediante esta vía as actividades aquí detalladas.

CULTURA CLÁSICA 3º ESO

- Contestar ás cuestións de mitoloxía (ficha entregada en clase), que servirán de repaso para o exame que se realizará cando se reanuden as clases.

- Realización do traballo: "deuses da mitoloxía grecorromana", coa correspondente conclusión e traballo gráfico.

● Todas as indicacións están na folla que entreguei en clase coas instrucións sobre o traballo.

LATÍN 4º ESO

- Rematar as fichas da 2ª avaliación que aínda estaban pendentes:

▪ 3ª declinación ▪ adxectivos (as dúas fichas) ▪ oracións da 3ª declinación

- Realización do traballo: "Grecia e Roma no museo do Louvre", coa correspondente conclusión.

● Todas as indicacións están na folla que entreguei en clase coas instrucións sobre o traballo.

LATÍN E GREGO 1º BACHARELATO

- Rematar as fichas da 2ª avaliación que aínda estaban pendentes, tanto a parte de morfoloxía coma a de análise e tradución de oracións.

(!) Revisade e repasade ben estas fichas e as anteriores xa que son, como sabedes, a materia sobre a que se fará o exame cando se reanuden as clases.

- Realización dos traballos que están pendentes en cada unha das materias, coa correspondente conclusión.

● Todas as indicacións están na folla que entreguei en clase coas instrucións sobre os traballos.

LATÍN 2º BACHARELATO

- Continuar cos textos de Eutropio (análise e tradución). Podedes enviarme á dirección de correo electrónico que vos facilitei os fragmentos que vaiades facendo para que volos corrixa así como consultarme calquera dúbida.

- Estudiar os temas de literatura, e a parte de latinismos e toponimia para o exame que quedou pendente e que se realizará cando se reanuden as clases.